



As redes sociais, unha ferramenta valiosa para a normalización lingüística

Santiago de Compostela,
17, 24 e 31 de outubro de
2024

www.ctnl.gal

Por que este curso?

As **finalidades** deste curso son:

- ✓ Coñecer de primeira man as **posibilidades e oportunidades que ofrece a contorna dixital** en procesos de normalización lingüística.
- ✓ Descubrir as **principais ferramentas**, como poden axudarnos en cada proceso (ou mesmo ás veces prexudicarnos), aprender a **deseñar unha estratexia marcada e conseguir optimizalas** para que con menos investimento de tempo e recursos poidamos sacarles o máximo proveito.
- ✓ Aprender a **empregar a creatividade** nelas para usar valor de marco.

Cales son os obxectivos?

- ✓ Coñecer aos principais recursos dixitais que temos á nosa disposición.
- ✓ Entender as tendencias, como son os hábitos de consumo delas e o seu uso.
- ✓ Aprender as súas dinámicas internas.
- ✓ Descubrir como crear unha estratexia tanxible e medible con base nos obxectivos.
- ✓ Ver casos prácticos de éxito.
- ✓ Coñecer a linguaxe dixital que conforma todo o que é unha estratexia de márketing dixital.

Como aprenderemos?

Será un **curso teórico-práctico**. Alternaranse dinámicas con casos prácticos con exemplos que sirvan como guía para o desenvolvemento das prácticas que se elixan e fagan para aplicar ao longo das sesións.

Quen nos vai guiar e axudar?

Verónica Ramallal Trevín, CEO de Pekecha

Licenciada en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Vigo, cun máster pola Escola de Medios de La Voz de Galicia e curso de aptitude pedagóxica pola Universidade de Santiago de Compostela.

Na actualidade é a CEO de Pekecha como formadora en áreas de Márketing Dixital para cámaras de comercio, confederacións empresariais e varias universidades e escolas de negocio.

Cal é o programa do curso?

Módulo 1. A contorna dixital na actualidade

- O proceso de transformación dixital que estamos vivindo.

Organiza



Colaboran



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

- Oportunidades e ameazas da nova contorna.
- Chegou a IA. Cara a onde imos?
- Centrémonos no máis aplicable, que está funcionando? Exemplos prácticos
- *Landings* e redes sociais

Módulo 2. As redes sociais en profundidade

- Situación actual do panorama das redes sociais.
- Unha por unha: Facebook
- Pinterest
- X
- Instagram
- Tik Tok
- Cal é a máis adecuada para min?
- Práctica

Módulo 3

- Calendario editorial
- Modelos de IA para auxiliar procesos
- Ferramentas de uso máis práctico. Aplicación práctica.
- A importancia do libro de estilo para a xeración de marca.

Módulo 4

- Os podcast e streaming en desenvolvemento.
- Canles de vídeo
- Xeración de *engagement*

Módulo 5

- As comunidades virtuais. Tipos de perfís. Segmentación de *target* e comunidade.
- Campañas disruptivas. Exemplos. Vantaxes e desvantaxes.
- Medición de datos e *retargeting*
- Campañas de ADS. G.Grants

Peche da formación con presentación e intercambio, sobre cada proxecto, de práctica e impresións. *Brainstorming* final e conclusións.

Cal é a duración total?

- ✓ 15 horas presenciais

Quen pode participar?

- ✓ Técnicos/as de servizos de normalización lingüística (SNL)
- ✓ Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua
- ✓ Membros de equipos de normalización e dinamización da lingua do ensino
- ✓ Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua

Límite de prazos: 25

Onde será o curso?

- ✓ Na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (Campus Norte, avenida de Castelao, s/n, Santiago de Compostela)

Cales son os prazos e as datas?

Prazos e datas	Día e horario
Prazo de inscrición no curso	Do 16 de setembro ao 7 de outubro de 2024
Publicación da listaxe de persoas admitidas	O 8 de outubro de 2024
Prazo para o pagamento do curso	Do 8 ao 16 de outubro de 2024
Datas, horas e lugar de desenvolvemento das sesións do curso	<ul style="list-style-type: none"> • Xoves 17 de outubro, de 9.00 a 13.30 h (aula B13) • Xoves 24 de outubro, de 9.00 a 13.30 h (aula D07) • Xoves 31 de outubro, de 9.30 a 13.30 h e de 16.00 a 18.00 h (aula D07)

Organiza

Colaboran

Gústame! Para apuntarme?

A través do **formulario** que se habilitará para o efecto no web www.ctnl.gal entre o 16/09/2024 e o 07/10/2024.

Dado que o **número de prazas é limitado**, respectarase a orde de inscrición con preferencia para os/as socios/as da CTNL.

Non se debe pagar a cota de inscrición até que non se publique a listaxe de persoas admitidas.

As persoas admitidas deben ingresar o importe da matrícula na conta da CTNL en Abanca número ES18-2080-0377-04-3040004060, indicando o nome completo e mais o concepto "Curso redes sociais".

Se unha persoa está na listaxe de admitidas e non vai participar no curso, **debe comunicalo** por teléfono ou correo electrónico o máis axiña posíbel, para así poder incorporar, con suficiente antelación, a seguinte persoa da listaxe de agarda.

E canto custa?

- ✓ Para socias/os da CTNL: 30 euros
- ✓ Para estudantes, bolseiras/os e desempregadas/os non socios/as: 45 euros
- ✓ Para non socias/os da CTNL: 80 euros

+info

Entra en www.ctnl.gal

Escribe a info@ctnl.gal

Chama ao 629 571 950

Organiza



Colaboran



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE